



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Dereito Internacional Público		Código	612G01019
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Sobrino Heredia, Jose Manuel		Correo electrónico	j.sobrino@udc.es
Profesorado	Mkrtychyan , Artak Oanta Oanta, Gabriela Alexandra Quindimil Lopez, Jorge Antonio Sobrido Prieto, Marta Sobrino Heredia, Jose Manuel		Correo electrónico	a.mkrtychyan@udc.es gabriela.oanta@udc.es jorge.quindimil@udc.es marta.sobrido@udc.es j.sobrino@udc.es
Web	https://campusvirtual.udc.es/moodle/course/view.php?id=41475&sesskey=9Zrftw1li			
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende posibilitar o ensino sistemático do Ordenamento xurídico que está destinado a regular a sociedade/comunidade internacional, facilitando a comprensión entre o alumnado dos problemas básicos que rodean aquel.</p> <p>Desde unha perspectiva xurídico-formal, o Dereito internacional preséntaselle ao alumnado na súa dimensión positiva, ofrecendo o maior número posible de referencias á normativa en vigor. Esta perspectiva complétase cunha aproximación histórico-sociolóxica, expoñendo ao alumnado as realidades subxacentes ás normas e o medio concreto en que estas están chamadas a rexer, posto que para un ensino eficaz da materia é fundamental unha exposición dos acontecementos históricos e dos acontecementos sociolóxicos.</p> <p>Así mesmo, ambos os enfoques acompañanse dunha aproximación axiolóxica ao dereito internacional, coa finalidade de procurar unha constante valoración da norma co ideal de Xustiza. Desde logo, a dimensión finalista da actividade docente conduce a que o ensino non se reduza a unha descrición do ordenamento xurídico internacional, senón que debe facerse reflexionar o alumno sobre o conxunto de valores que inspiran e aos que aspira este ordenamento. Desta forma, ao ensinar e difundir o Dereito internacional preténdese contribuir, en boa medida, a facer progresar a Sociedade internacional e os suxeitos que a compoñen na vía da paz.</p> <p>Tendo en conta o contido esencial desta disciplina científica, a súa docencia exponse desde unha visión realista, pero co firme propósito de facer partícipe o alumnado dos valores que inspiran o ordenamento xurídico internacional, apuntando, cando sexa posible, suxestións para a mellora das normas que o integran e insistindo, sobre todo, no seu cumprimento. Neste contexto sitúase unha das funcións máis importantes da docencia do Dereito internacional público: demostrarlle ao estudantado, e convencelo, de que esta é unha disciplina cada vez máis relevante na formación de todo xurista e que tomen conciencia da perspectiva internacional, que lles confire o coñecemento do Ordenamento xurídico internacional, como un elemento imprescindible do mundo interdependente.</p> <p>A función docente universitaria, en que se combina unha función informativa e outra formativa, debe servir para formar xuristas que poidan atopar saídas profesionais vinculadas cos seus estudos pero, sobre todo, tamén debe servir para formar e potenciar as capacidades intelectuais dos estudantes para que poidan e saiban afrontar de forma crítica os valores e as actitudes sociais que se desenvolven nas sociedades nacionais e internacional de que eles forman parte.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecemento da función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais	A1	B6	C1
	A2	B7	C2
	A3	B8	C3
	A4	B9	C4
	A5	B10	C5
	A6	B11	C6
	A7	B12	C7
	A8	B13	C8
	A9		
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A15		
Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico	A1	B6	C1
	A2	B7	C2
	A3	B8	C3
	A4	B9	C4
	A5	B10	C5
	A6	B11	C6
	A7	B12	C7
	A8	B13	C8
	A9		
	A10		
	A11		
	A12		
	A13		
	A14		
	A15		

Contidos	
Temas	Subtemas
I. O ORDENAMENTO XURÍDICO INTERNACIONAL	1. A sociedade internacional
	A) Evolución histórica
Lección 1.- A sociedade internacional e o seu ordenamento xurídico	B) Caracteres básicos
	2. O Dereito Internacional Público como ordenamento xurídico da sociedade internacional
	A) Concepto de Dereito Internacional Público
	B) Caracteres do Dereito Internacional Público
	C) Funcións do Dereito Internacional Público



Lección 2.- A formación do Dereito Internacional Público.	<ol style="list-style-type: none">1. A creación e o desenvolvemento progresivo do Dereito Internacional Público2. Os tratados internacionais<ol style="list-style-type: none">A) O procedemento de celebración de tratadosB) A aplicación dos tratados3. O costume e os principios xerais4. Os actos unilaterais dos estados e das organizacións internacionais5. A recepción das normas internacionais nos ordenamentos internos
II. OS SUXEITOS DO DEREITO INTERNACIONAL PÚBLICO A) O ESTADO Lección 3.- O Estado como suxeito primario do Dereito internacional público	<ol style="list-style-type: none">1. Os elementos constitutivos do Estado2. O recoñecemento de estados e o recoñecemento de gobernos3. As inmunidades do Estado4. A sucesión de estados
Lección 4.- O territorio do Estado	<ol style="list-style-type: none">1. Ideas xerais sobre o territorio do Estado2. Competencias territoriais sobre o espazo mariño3. Competencias territoriais sobre o espazo supraterrrestre4. Competencias territoriais sobre outros espazos
Lección 5.- A poboación do Estado.	<ol style="list-style-type: none">1. A nacionalidade: competencias do Estado sobre os seus súbditos no estranxeiro2. A condición xurídica do estranxeiro3. Réximes cualificados de estranxeiría
Lección 6.- Os órganos do Estado nas relacións internacionais	<ol style="list-style-type: none">1. Os órganos centrais2. A representación diplomática3. As oficinas consulares
B) LAS ORGANIZACIONES INTERNACIONALES Lección 7.- Aspectos xerais das Organizacións internacionais	<ol style="list-style-type: none">1. Antecedentes e evolución histórica2. Concepto e clases3. Estrutura e formación da vontade4. Personalidade xurídica internacional
Lección 8.- A Organización das Nacións Unidas.	<ol style="list-style-type: none">1. Antecedentes e evolución histórica2. Propósitos e principios3. Os membros4. A estrutura institucional
Lección 9.- As principais funcións das Nacións Unidas.	<ol style="list-style-type: none">1. A descolonización2. O desenvolvemento e o comercio internacional3. Dereitos humanos4. Mantemento da paz e seguridade internacionais
C) A PERSONA HUMANA Lección 10.- A personas humana ante o Dereito internacional público.	<ol style="list-style-type: none">1. A capacidade de actuar do individuo ante órganos internacionais2. A responsabilidade internacional do individuo3. A protección dos dereitos humanos
III. A APLICACIÓN DEL DEREITO INTERNACIONAL PÚBLICO Lección 11.- A responsabilidade internacional.	<ol style="list-style-type: none">1. Codificación e desenvolvemento progresivo do dereito sobre a responsabilidade internacional2. A responsabilidade internacional por feitos internacionalmente ilícitos3. A responsabilidade internacional polas consecuencias prexudiciais de feitos non prohibidos polo Dereito Internacional Público



Lección 12.- Os procedementos para asegurar a aplicación das normas internacionais.	<ol style="list-style-type: none"> 1. A protección diplomática 2. As medidas de autotutela 3. Os procedementos institucionalizados
Lección 13.- Os procedementos pacíficos de solución de controversias internacionais.	<ol style="list-style-type: none"> 1. As controversias internacionais 2. Os procedementos non xurisdicionais de solución de controversias 3. Os procedementos xurisdicionais de solución de controversias
Lección 14.- O control do uso da forza	<ol style="list-style-type: none"> 1. A prohibición da ameaza ou do uso da forza 2. A regulamentación dos conflitos armados 3. O Dereito internacional humanitario

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	28	28	56
Actividades iniciais	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	24	0	24
Solución de problemas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	3	3	6
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	3	3	6
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 B6 B9	6	3	9
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A6 A7 A8 A9	1	42	43
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7	3	3	6
Atención personalizada		0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Docencia expositiva e orientativa sobre os contidos do programa.
Actividades iniciais	As actividades dirixidas consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión ou en casos prácticos, para cuxa elaboración ou resolución os alumnos contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.
Solución de problemas	As actividades dirixidas consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión ou en casos prácticos, para cuxa elaboración ou resolución os alumnos contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.
Estudo de casos	As actividades dirixidas consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión ou en casos prácticos, para cuxa elaboración ou resolución os alumnos contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.
Análise de fontes documentais	As actividades dirixidas consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión ou en casos prácticos, para cuxa elaboración ou resolución os alumnos contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.
Proba obxectiva	O exame será final.
Eventos científicos e/ou divulgativos	As actividades dirixidas consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión ou en casos prácticos, para cuxa elaboración ou resolución os alumnos contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais Solución de problemas Estudo de casos Análise de fontes documentais Proba obxectiva	Na avaliación global tamén se terá en conta positivamente a asistencia e a activa participación do alumnado nas clases, nas tutorías e nas demais actividades que se desenvolvan durante o curso, de tal modo que o profesor poida levar a cabo un seguimento personalizado do estudante.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Actividades iniciais	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	As actividades dirixidas representarán o 40% o 60% (dependendo da titulación) da nota final e consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuxa elaboración e resolución os estudantes contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.	2
Solución de problemas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	As actividades dirixidas representarán o 40% o 60% (dependendo da titulación) da nota final e consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuxa elaboración e resolución os estudantes contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.	30
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	As actividades dirixidas representarán o 40% o 60% (dependendo da titulación) da nota final e consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuxa elaboración e resolución os estudantes contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.	2



Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 B6 B9	As actividades dirixidas representarán o 40% o 60% (dependendo da titulación) da nota final e consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuxa elaboración e resolución os estudantes contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.	2
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7	As actividades dirixidas representarán o 40% o 60% (dependendo da titulación) da nota final e consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión o en casos prácticos, para cuxa elaboración e resolución os estudantes contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais.	3
Proba obxectiva	A1 A2 A3 A4 A6 A7 A8 A9	<p>A. Programa Simultaneidade ADE-Dereito: O exame final será oral e suporá o 60% da nota total. Realizarase ao final do cuadrimestre sobre a base da docencia impartida durante o curso, e consistirá en diversas preguntas baseadas en epígrafes do programa. O nivel mínimo esixido para a superación da proba é de 5 puntos sobre 10. En caso contrario, a materia non se considerará aprobada.</p> <p>B. Grao en Dereito: B. Grao en Dereito: - Quenda de mañá: O exame final será oral. - Quenda de tarde: O exame final da materia será escrito e consistirá en varias preguntas baseadas en epígrafes do programa.</p> <p>C. Bilingual degree: O exame final será escrito e suporá o 50% da nota total. Realizarase ao final do cuadrimestre sobre a base da docencia impartida durante o curso, e consistirá en diversas preguntas baseadas en epígrafes do programa.</p>	60
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Docencia expositiva e orientativa sobre os contidos do programa.	1

Observacións avaliación



A. PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE GRAO ADE-DEREITO: Para superar a materia deberá alcanzarse un 5 sobre 10 no exame, que será final e oral, e suporá un 70% da nota final. Para que se poida sumar a nota das actividades prácticas, que suporá o 30% da nota final, deberá alcanzarse un 5 sobre 10 no exame final. Se non se alcanza unha nota mínima de 5 sobre 10 nas actividades prácticas, non se poderá sumar a cualificación do exame final. O alumnado que realice actividades prácticas, pero non se presente ao exame figurará nas actas como "No presentado". Polo que se refire á segunda oportunidade de exames, o sistema de avaliación será similar ao da primeira oportunidade. Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, a avaliación consistirá nun exame final sobre os contidos da materia cuxa cualificación máxima será de 10 puntos sobre 10.

B. GRAO EN DEREITO: Terase en conta o exame final e as actividades prácticas realizadas ao longo do curso. **EXAME FINAL.** O exame representará o 80% da nota da materia. O exame será oral no turno de mañá; e será escrito no turno de tarde. Se non se alcanza un 5 sobre 10 no exame, non se sumará a nota das actividades prácticas á nota final da materia. **ACTIVIDADES PRÁCTICAS.** As actividades prácticas representarán o 20% da nota da materia; pero só serán tidas en conta no cómputo da nota da materia se se alcanzou un 5 sobre 10 no exame. O alumnado que realice actividades prácticas pero non se presente ao exame figurará nas actas como "No presentado". Ao comezo de curso, informarase o alumnado da organización das actividades prácticas. Non se permitirá a defensa e/ou entrega de actividades prácticas fose dos prazos establecidos, salvo causa debidamente xustificada. As actividades prácticas non defendidas e/ou entregadas cualificaranse cun 0. **ESTUDANTES CON DISPENSA ACADEMICA DE ASISTENCIA A CLASE.** O alumnado a tempo parcial ao que, previa solicitude ao Decanato do centro, concédalle dispensa académica de asistencia a clase (pode consultarse a normativa que regula o réxime de estudos a tempo parcial) poderá elixir entre dúas opcións: 1) que o exame final represente o 100% da nota da materia; 2) que o exame final represente o 80% da nota da materia, e o 20% restante mediante actividades prácticas que serán defendidas oralmente polo/a estudante ao longo do curso (presencialmente ou por Teams; modalidade e datas fixadas polo profesorado segundo as circunstancias do caso). O/a estudante que non opte pola segunda opción no prazo fixado polo profesorado a ese efecto, entenderase que opta pola primeira opción. **SEGUNDA OPORTUNIDADE.** A modalidade de exame será a mesma nas dúas oportunidades. Como regra xeral, non se permite a recuperación de actividades prácticas para a segunda oportunidade. **C. DOCENCIA EN INGLÉS / BILINGUAL DEGREE:** O exame final da materia será escrito e suporá o 50% da nota final. As actividades prácticas puntuarán o 50% restante. Polo que se refire á segunda oportunidade de exames, o sistema de avaliación será similar ao da primeira oportunidade. O alumnado que realice actividades prácticas, pero non se presente ao exame figurará nas actas como "No presentado". Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, a avaliación consistirá nun exame final sobre os contidos da materia cuxa cualificación máxima será de 10 puntos sobre 10. **OBSERVACIÓN XERAL PARA O TRES TITULACIÓNS:** Calquera intento de fraude ou plaxio en calquera actividades que se desenvolva durante o curso ou no exame final será penalizada cun suspenso automático na materia (0).

Fontes de información

Fontes de información	
Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- DIEZ DE VELASCO, M. (2013). Instituciones de Derecho Internacional Público, 18ª ed.. Madrid: Ed. Tecnos- DIEZ DE VELASCO, M. (SOBRINO HEREDIA, J.M. coord.) (2010). Las Organizaciones internacionales. Madrid: Ed. Tecnos- SOBRINO HEREDIA, J.M. (2016). Textos para el estudio del Derecho internacional público, Derecho de la Unión Europea y Derecho internacional de los espacios. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch- SOBRINO HEREDIA, J.M. (2016). Textos para el estudio del Derecho internacional público, Derecho de la Unión Europea y Derecho internacional de los espacios. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch- HERNÁNDEZ, G. (2022). International law, 2nd ed.. Oxford: Oxford University Press- SHAW, M.N. (2021). International law, 9th ed.. Cambridge: Cambridge University Press- OANTA, G.A. (2022). Main legal texts for the study of public international law. Valencia: Tirant lo Blanch



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- CASANOVAS, O.; RODRIGO, A. (2021). Compendio de Derecho internacional público, 10ª ed.. Madrid: Tecnos- PASTOR RIDRUEJO, J.A. (2021). Curso de Derecho internacional público y Organizaciones internacionales, 25ª ed.. Madrid: Ed. Tecnos- REMIRO BROTONS, A. Y OTROS (2014). Derecho internacional: curso general, 2ª ed.. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch- SÁENZ DE SANTAMARÍA, P.A. (2020). Sistema de Derecho Internacional Público, 3ª ed.. Pamplona: Ed. Civitas-Thomson Reuters- TORRES CAZORLA, M.I. (dir.) (2019). Derecho internacional público y Organizaciones internacionales. Actividades prácticas / Public International Law and International Organizations. Practical activities. Valencia: Tirant lo Blanch- CASADO RAIGÓN, R. (2020). Derecho internacional, 4ª ed.. Madrid: Tecnos
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Dereito da Unión Europea/612G01021

Traballo fin de Grao/612G01031

Dereito internacional dos espazos/612G01047

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías